Actividades de sensibilización en centros educativos

outubro 2021 - xuño 2022

Que facemos?

As actividades que detallamos son para achegar a diversidade funcional ós centros educativos ou de formación. **Queremos crear experiencias positivas nas que os alumnos e alumnas convivan e interactúen con persoas con diversidade.**

O custo destas actividades é mínimo, solicitamos colaboración para cubrir gastos de desprazamento e de material funxible, previamente facemos un presuposto por estes gastos.

Tamén podedes vir a coñecer Ambar, onde podemos mostrarvos estas actividades. Estaremos encantadas de recibirvos :)

Cales son os nosos obxectivos?

- Facilitar espazos de inclusión, colaboración e convivencia entre escolares e persoas con diversidade funcional.
- Poñer en valor o rol das persoas con diversidade como persoas cidadás proactivas e transmisoras de valores.

obradoiros e actividades

Pintura ó aire libre

- **Área:** Artes e artesanía
- **Modalidade:** Presencial
- **Dirixido a alumnado de:** ESO e Bacharelato
- **Nº de persoas:** 10 alumnas e alumnos máximo
- **Duración:** entre 2 e 3 mañás tendo en conta a dimensión do mural



Descrición

Farase co alumnado un mural permanente nun espazo do colexio ou da rúa, o deseño farase tendo en contas as preferencias do centro educativo. Participará o grupo de artistas con diversidade de Ambar xunto co profesional da área artística.

Materiais necesarios: empregarase pintura plástica para exteriores, pinceis, rodetes, cubetas, cinta de carroceiro, plástico protector, papel, guantes.

Obxectivos

- Realizar actividades de convivencia e inclusión.
- Impulsar a expresión artística e a creatividade.
- Contribuír a embelecer a paisaxe urbana dentro da comunidade.

Pintura lúdica

- **Área:** Artes e artesanía
- **Modalidade:** Presencial
- **Dirixido a alumnado de:** Infantil e Primaria
- **Nº de persoas:** 15 e 20 alumnas e alumnos en turnos
- **Duración:** 50 minutos

Descrición

Unha divertida forma de facer arte colaborativa. Ó ritmo da música creamos pezas expresionistas multicor de gran formato, pintando cos pés, globos ou brochas.

Materiais necesarios: empregaremos témperas, pinceis, globos, brochas, cubetas, cinta de carroceiro, plástico protector, papel, toalliñas, altofalantes, ordenador.

Obxectivos

- Realizar actividades de convivencia e inclusión.
- Impulsar a expresión artística e a creatividade.
- Aprender novas formas de realizar arte dun xeito divertido e ameno.

Cestaría

- **Área:** Artes e artesanía
- **Modalidade:** Presencial/Online
- **Dirixido a alumnado de:** Primaria
- **Nº de persoas:** 15 alumnas e alumnos máximo
- **Duración:** 1 hora e media

Descrición

Creación artesanal en vivo de bolsas de médula, cestiñas e forrado de bolas de cristal.

Materiais necesarios: empregaremos a médula, un material similar á vimbia.

Obxectivos

- Realizar actividades de convivencia e inclusión.
- Coñecer unha técnica artesanal da man de persoas con diversidade expertas na materia.

Artesanía

- **Área:** Artes e artesanía
- **Modalidade:** Presencial/Online
- **Dirixido a alumnado de:** Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato
- **Nº de persoas:** Aula completa
- **Duración: 3** horas máximo nunha mañá

Descrición

Utilizamos técnicas artesanais de estampación:

Estampación en tela con froita:

Poderemos estampar en calquera tipo de texido, con froita e pinturas para tela.

Materiais necesarios: Froita (mazás, limóns, laranxas, etc.), pintura de tela, pinceis, tela

Crea o teu propio selo:

Con este obradoiro aprenderemos a facer os nosos propios selos para estampar onde queiramos e con calquer tipo de pintura con base a auga.

Materiais necesarios: Coitelo, tesoiras ou calquer ferramenta de corte, pinturas (se imos estampar en papel calquera pintura acrílica, se queremos estampar en teas unha pintura específica para ese material), pinceis e pratos de plástico.

Obxectivos

- Realizar actividades de convivencia e inclusión.
- Coñecer unha técnica artesanal da man de persoas con diversidade expertas na materia.

Elas: O noso Grupo de Artes Escénicas

- **Área:** Artes e artesanía
- **Modalidade:** Presencial
- **Dirixido a alumnado de:** 2º Ciclo de Primaria, ESO e Bacharelato
- **Nº de persoas:** Ata completar aforo da sala
- **Duración:** 30 minutos

Descrición

O grupo de artes escénicas ‘Elas’ achegaranse aos centro educativos con pezas artísticas que combinen a escena coa danza. Ao rematar a actuación as artistas interactuarán co alumnado.

Obxectivos

- Desenvolver intereses e actitudes positivas cara as artes escénicas.
- Que o alumnado teña contacto con diferentes formas de expresión artística e fomentar a arte accesible.
- Mostrar as artes escénicas como vehículo de expresión de temáticas sociais: diversidade, inclusión, apoderamento.

Aprendizaxe ferramentas dixitais

- **Área:** Aprendizaxe
- **Modalidade:** Presencial
- **Dirixido a alumnado de:** 1º, 2º e 3º de Primaria
- **Nº de persoas:** Aula completa
- **Duración:** 50 minutos

Descrición

Traballaremos na aula con actividades en liña, para fomentar o acceso á educación a través da rede, e app educativas reforzando os contidos educativos e dinamizando a adquisición de coñecementos a través de ordenadores e tablets.

Materiais necesarios: tablets e/ou ordenadores.

Obxectivos

- Adquirir novas ferramentas para reforzar os contidos educativos.
- Dinamizar a aprendizaxe a través de app educativas.
- Coñecer diferentes recursos tecnolóxicos para os contidos educativos.

Charlas inclusivas

- **Área:** Sensibilización
- **Modalidade:** Presencial/Online
- **Dirixido a alumnado de:** Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato
- **Nº de persoas:** Aula completa
- **Duración:** 50 minutos

Descrición

Realizamos charlas motivadoras de sensibilización nas que participan persoas con diversidade que mostran a súa experiencia e/ou coñecementos.

As temáticas van en relación aos valores da entidade: a diversidade, muller e diversidade, experiencias de crecemento persoal e retos para o futuro. Habitualmente acompañamos con presentación dixital.

Obxectivos

- Adquirir actitudes positivas cara a diversidade como axentes transmisores de valores.
- Adquirir valores de inclusión e tolerancia.
- Coñecer en primeira persoa a experiencia vital das persoas con diversidade funcional e coñecer novas estratexias de crecemento.

Coñece os nosos servizos

- **Área:** Sensibilización
- **Modalidade:** Presencial/Online
- **Dirixido a alumnado de:** Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato
- **Nº de persoas:** 15-20 alumnas e alumnos
- **Duración:** 50 minutos

Descrición

Visita guiada polos servizos de atención diúrna de Ambar.

Obxectivos

- Coñecer a entidade e os seus servizos.
- Familiarizarse co novos enfoques sobre a diversidade funcional.
- Adquirir actitudes positivas cara a diversidade como axentes transmisores de valores.
- Coñecer en primeira persoa a experiencia vital das persoas con diversidade funcional e coñecer novas estratexias de crecemento.

Reserva a túa data

De luns a venres de 10 a 13:30h nas seguintes semanas:

- 25 outubro
- 22 novembro
- 13 decembro
- 24 xaneiro
- 21 febreiro
- 21 marzo
- 25 abril
- 23 maio
- 13 xuño

Durante os días 3 e 10 de decembro Ambar poñerá en marcha distintas accións das que se vos informará unha vez sexan confirmadas.

Contacto con nós

Para reservar a túa data ou deixarnos as túas suxestións escríbenos a: **zeltia.iglesias@asociacionambar.org**

ambar

Centro de Recursos da Barbanza
Lg. de Granxa, 5 San Roque, 15967
Ribeira (A Coruña)

981 87 44 80 / 981 87 54 75

correo@**asociacionambar.org**